

14

15

16

17

18

Xullo



Praza
da Quintana

T E R R A
D A

F R A

T E R

N I D

A D E

SANTIAGO DE COMPOSTELA

MERCEDES PEÓN WARSAW VILLAGE BAND
RAIGAÑAS HABELAS HAINAS SELMA UAMUSSE
THE LÁKAZANS GIRMA BÈYÈNÈ & AKALÉ WUBÉ
ADRIÁN COSTA & THE CRIERS BIXIGA 70
PAT THOMAS & KWASHIBU AREA BAND
GARCÍA MC & NACIÓN QUILOMBO

APOSTOLO 2017



CONCELLO DE
SANTIAGO

terradafraternidade.gal

TERRA DA FRATERNIDADE

TERRA DA FRATERNIDADE é un festival que forma parte da programación das Festas do Apóstolo e que reivindica Compostela como terra de acollida de persoas e culturas de todos os continentes, a través dos sons, dos ritmos e da linguaxe universal que é a música. Do 14 ao 18 de xullo, a Praza da Quintana, na capital galega, convértese nunha especie de terra prometida para a diversidade cultural e musical do planeta en conexión coa cidade e co talento local.

En cada unha das cinco xornadas combínanse artistas de culturas de tres continentes con cadansúa contraparte galega. Trátase así dun dobre concerto que inclúe a interpretación dalgún tema no que ambas as dúas músicas se fusionan. Deste xeito, a Praza da Quintana transfórmase á vez nunha sorte de viveiro creativo e de hibridación musical.

TERRA DA FRATERNIDADE supón toda unha oportunidade para a descuberta das e dos artistas máis populares e sorprendentes de Polonia, Mozambique, Ghana, Francia, Brasil, Etiopía, Colombia, Portugal... e, por suposto, Galicia. Así, formacións como Warsaw Village Band (Polonia), Selma Uamusse (Mozambique), Pat Thomas & Kwashibu Area Band (Ghana), Girma Beyene & Akale Webé (Etiopía/ Francia) e Bixiga 70 (Brasil) amosarán na capital galega as súas composicións propias, á vez que compartirán ritmos, creacións e micro con Mercedes Peón, Raigañas, Habelas Hainas, Adrián Costa, The Lákazans, Abe Rábade e García MC.

Trátase dunha selecta programación baseada na hibridación e fusión para bailar e gozar nun espazo único como a Praza da Quintana ao ritmo de sons da música tradicional, jazz, Highlife, afrobeat e afrocaribeña, rap, blues, soul, folk, ethio, afrofunk, malinké, dub, candomblé, samba, cumbia, carimbó, kuduro...

TERRA DA FRATERNIDADE é a programación coa que Compostela dá a benvida e acolle nas súas festas máis importantes e internacionais a culturas e a persoas de todo o mundo para visibilizar unha cidade diversa, plural e implicada na defensa dos dereitos das persoas e que aposta por unha sociedade aberta baseada na igualdade.

TERRA
DA

PROGRAMA*
PRAZA DA QUINTANA

14 de Xullo

23:00_RAIGAÑAS

23.20H_RAIGAÑAS + MERCEDES PEÓN

23.30H_WARSAW VILLAGE BAND

23.50H_WARSAW VILLAGE BAND + MERCEDES PEÓN

15 de Xullo

22:00_HABELAS HAINAS

23:00_SELMA UAMUSSE

23.50_SELMA UAMUSSE + HABELAS HAINAS

16 de Xullo

22:00_ADRIÁN COSTA & THE CRIERS

23:00_PAT THOMAS & KWASHIBU AREA BAND

23.50_PAT THOMAS + ADRIÁN COSTA

17 de Xullo

22:00_THE LÁKAZANS

23:00_GIRMA BEYENE & AKALE WUBÉ

23.50_GIRMA BEYENE & AKALE WUBÉ + ABE RÁBADE + THE LÁKAZANS

18 de Xullo

22:00_GARCÍA MC PRESENTA "A NACIÓN QUILOMBO"

23:00_BIXIGA 70

23.50_BIXIGA 70 + GARCÍA MC

*AO REMATE DE CADA CONCERTO VERBENA GLOBAL BEAT con DJ NAJLE

14 DE XULLO

Praza da Quintana, 23:00

RAIGAÑAS + MERCEDES PEÓN + WARSAW VILLAGE BAND



RAIGAÑAS

O grupo de pandereteiras Raigañas desenvolve unha importante e imprecidible tarefa de recolleita e conservación da música popular, máis en concreto do legado musical bergantiñá. Ao longo destes 27 anos de traballo a dirección do grupo e a maioría das integrantes foron cambiando e o grupo foise enriquecendo de repertorio e de aprendizaxe de cantigas e de sons de aldeas de toda Galicia. Nas súas colaboracións destacan as do último disco de Luar na Lubre e tamén en concertos con Mercedes Peón.



MERCEDES PEÓN

Mercedes Peón está considerada como unha das mulleres máis carismáticas da world music actual. A variedade das súas composicións que arrancan desde a polirritmia baixo a mirada dos ritmos máis ancestrais culminan en temas eclécticos e vibrantes. O seu amplo repertorio, o embruxo e a enerxía que se apoderan de cada unha das súas actuacións fan desta muller unha aposta segura pola continuidade da escena etnocontemporánea de Europa.

Exprésase libre de clichés e espállase polo eido internacional sen ningún esforzo mediático. Os seus últimos traballos están en estreita colaboración con outras disciplinas como a danza –con composicións para o Centro Coreográfico Galego ou a compañía Entremáns– e o cinema con músicas para traballos audiovisuais de Margarita Ledo.

Conta con premios nacionais e internacionais tan relevantes como o que outorga o World Music Forum, a revista FolkWorld ou Premio Nacional da Cultura 2008.

<http://www.mercedespeon.es/>

14 DE XULLO

Praza da Quintana, 23:00

RAIGAÑAS+ MERCEDDES PEÓN+ WARSAW VILLAGE BAND



WARSAW VILLAGE BAND (Polonia)

Warsaw Village Band é unha icona da música de Polonia que combina tradición con elementos modernos, e une ás audiencias do punk rock e a música clásica. O grupo converteuse na banda polaca máis exitosa do mundo. Recibiu o prestixioso premio BBC Radio 3 Newcomer World Music Award, en 2004.

A pesar de utilizar soamente a técnica 'voz branca' arcaica e tocar instrumentos tradicionais como o violín, o dulcemele ou o Pock fiddle do século XVI, cada un dos álbums gravados en estudo da banda está cheo de experimentos vangardistas e fusiós únicas. Teñen colaborado con artistas como Hedningarna, Esperanza Spalding, Leszek Moz'dz'er, DJ Feel-X, Andy Teirstein, Jack Wall e mesmo grupos como Zion Train ou Vibronic realizaron remixes de pezas da banda. A banda tamén gañou o concurso musical polaco 'New Traditions' en 1998 e o mellor álbum popular polaco do ano 'Uprooting'. A próxima produción do grupo, titulada 'Sun Celebration', é produto da amizade de 3 anos coa multiinstrumentista e cantante galega Mercedes Peón, coa que deron un concerto común no escenario principal do festival polaco máis grande ao aire libre Przystanek Woodstock cunha audiencia de 500 000 asistentes.

Web: <http://www.warsawvillageband.net/>

15 DE XULLO

Praza da Quintana, 22:00




HABELAS HAINAS+ SELMA UAMUSSE



HABELAS HAINAS

É en 2009 cando estas catro rapazas crean o proxecto Habelas Hainas. Catro multiinstrumentistas que partindo da música tradicional, exploran eidos artísticos como a teatralidade e as artes plásticas e visuais facendo de cada espectáculo algo diferente e senlleiro, sempre dende unha ollada feminina e plural.

Isto lévaas a explorar outras músicas, crear os seus propios temas e experimentar coa tradición; tal inqueda permanente reflíctese na indagación e aproveitamento dos diferentes recursos dos instrumentos tradicionais creando un son enérxico, fresco e orixinal.



SELMA UAMUSSE (Mozambique)

A súa versatilidade, o seu poderoso instrumento vogal e a súa xenial versatilidade performativa, levouna a brillar desde o rock (Wray Gunn) ao afrobeat (Cacique 97), ao gospel, ao soul e ao jazz (Gospel Collective), tributos a Nina Simone e Miriam Makeba, enriquecendo a súa viaxe por diversos estilos. É cada vez máis consciente do poder transformador político e social da música. Nos últimos dous anos ten acompañado a Rodrigo Leão como voz convidada e ten participado en discos e espectáculos de diversos artistas.

O seu EP de Estreia, onde se avanza o primeiro tema Ngono Utana, contén todo o que é Selma: una nova e enérxica intérprete que viveu a súa adolescencia durante o reinado do rock en Portugal, coñecedora do cancionero tradicional e do jazz e o soul norteamericanos. A mestura que ofrece Selma é un mosaico de todas as súas aventuras artísticas cunha identidade musical propia e inconfundible entre as machambas de Mozambique, os clubs nocturnos europeos xunto ritmos tradicionais africanos con música electrónica e psicodélica.

16 DE XULLO

Praza da Quintana, 22:00



ADRIÁN COSTA & THE CRIERS+ PAT THOMAS & KWASHIBU AREA BAND



ADRIÁN COSTA & THE CRIERS

The Criers é a nova banda do bluesman galego Adrián Costa. Soul poderoso con moito, moito, rock. Na primavera de 2015 publicaron e presentaron o seu primeiro LP, "Sexercise" con 12 temas propios.

Con fortes raíces na música negra, a formación liderada polo Costa consegue dar unha volta nova ao son dos 60 e recrearse nunha espiral de influencias, desde o son de Nova Orleans ata os primeiros The Kinks, sen esquecer as súas reminiscencias latinas. O percorrido do seu vocalista, nacido en Compostela en 1979, pasa pola Tonky Blues Band e Os Reyes do K.O., grupo co que lanzou seis discos. Recalou logo en San Francisco, onde fundou a súa propia banda, Adrian Costa Blues Persuasion. Despois de tres intensos anos decidiu gravar un álbum de corte máis ecléctico. The Criers complétase con Kid Andersen ao baixo, Chris Burns ao Hammond, Dennis Dove nos coros e Costa ás guitarras, batería e voces.

Web: <http://thecriers.org/>



PAT THOMAS & KWASHIBU AREA BAND (Ghana)

Pat Thomas é un vocalista e compositor de Ghana, unha referencia do Afrobeat e do Highlife gahnés. Ten unha ampla traxectoria de 50 anos que vai desde os seus inicios con Ebo Taylor na Broadway Dance Band, desde finais dos 60 ata ben entrados os 70; os seus flirteos co reggae coa banda Sweet Beans; e as súas gravacións na Alemaña de principios dos 80, cando deu vida ao burger highlife -os expatriados ganeses no país xermano autodenominábanse 'burgers'-.

Colaborador frecuente de Ebo Taylor. A súa actual banda, Kwashibu Area Band está liderada polo multi-instrumentista Kwane Yeboha.

17 DE XULLO

Praza da Quintana, 22:00



THE LÁKAZANS+ GIRMA BEYENE & AKALE WUBÉ+ABE RÁBADE



THE LÁKAZANS

Esta formación está considerada a nova sensación do soul galego. A banda creouse en 2010 e son hoxe un dos imprescindibles dos locais e festivais galegos, coa súa combinación de blues, soul e rock and roll moi bailable. Nas súas actuacións evidéncianse as dúas vertentes do folclore americano: a vertente branca (country) e a negra (blues/gospel).



GIRMA BEYEBE & AKALE WUBÉ (Etiopía / Francia)

Girma Beyene é unha lenda popular en Etiopía: letrista, compositor, arreglista e vocalista é considerado un titán no jazz do país, designado como un dos principais representantes do chamado ethio-jazz música que mestura a tradicional etíope con influencias de diferente procedencia como o afro-funk, o soul, o jazz ou os ritmos afrocaribeños. Ten realizado arranxos para 65 títulos, superando os 40 de Mulatu Astatke. Tamén conta no seu currículo con gravacións como vocalista, pero principalmente é recoñecido como pianista e arreglista.

Akalé Wubé (Francia) é una de esas formaciones de fóra de África absolutamente entregada á música procedente de África, e que, nas súas gravacións, amosa absoluta devoción por un dos substratos máis interesantes, ricos e, á vez, descoñecidos e invisibilizados do mundo: as músicas etíopes.

17 DE XULLO

Praza da Quintana, 22:00



THE LÁKAZANS+ GIRMA BEYENE & AKALE WUBÉ+ABE RÁBADE



ABE RÁBADE

O intérprete e compositor galego Abe Rábade (Santiago de Compostela) amosa sempre nos seus proxectos e actuacións unha grande capacidade interpretativa e tamén un enorme talento como compositor jazzístico.

É director artístico do Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra. Colaborou en multitude de proxectos musicais xunto a artistas do talle de Jeff Harrington, Perico Sambeat, John O'Gallagher, Jorge Pardo ou Zé Eduardo, e o seu traballo viuse recoñecido con galardóns como o Piano Performance Award do Berklee College of Music (1999) ou o Premio Tete Montoliú á Pianista Revelación en España (2001), entre outros. O seu disco Zigurat (2010) foi elixido Mellor Álbum de Jazz na III Edición dos Premios da Música Independente (UFI).

<http://aberabade.com/>

18 DE XULLO

Praza da Quintana, 22:00



GARCÍA MC & NACIÓN KILOMBO+ BIXIGA 70



GARCÍA MC & NACIÓN KILOMBO

É un referente do rap en Galicia que o leva a estar traballando nunha nova iniciativa que comeza no Womex 2016 en Santiago de Compostela: "A Nación Quilombo". Está a lanzar sinxelos con videoclip desde comezos de 2017. Ten alma de comunicador, de divulgador e de embaixador cultural ademais de ser educador independente impartindo obradoiros e relatorios de cultura hiphop desde hai máis dunha década.

Ten a súa pegada en dúcias de discos de grupos eclécticos da música galega contemporánea. Musicou poemas de Celso Emilio Ferreiro en clave rapeira e formou parte de Dios Ke Te Crew e a Banda Fura Fura (Homenaxe ao Zeca Afonso).

<http://garciamc.bandcamp.com>



BIXIGA 70 (Brasil)

A banda Bixiga 70 formouse a partir da unión de varios músicos xa recoñecidos da escena de Sao Paulo (Brasil) para explorar o territorio de fusión da música Instrumental africana, latina e brasileira en composicións propias e versións de artistas brasileiros como Luiz Gonzaga, Pedro Santos e Os Tingoãs.

O primeiro álbum do grupo, lanzado en 2011 foi aclamado por público e crítica, figurando nas principais listas de mellores discos do ano en diversos medios de comunicación.

A banda foi premiada no 25º Premio da Música Brasileira na Categoría Revelación e ten feito xiras memorables por Europa o primeiro e simbólico show en chan africano no renombrado Mawazine Festival na cidade de Rabat, en Marrocos. Participou no pasado WOMEX 16 Santiago de Compostela.

17 DE XULLO

Praza da Quintana, 22:00

Verbena Global Beat con DJ NAJLE (Colombia)



Ao remate de cada dobre concerto haberá pinchada de DJ Najle. Os seus sets están cargados de ritmos tradicionais afro-colombianos de sabor africano e champeta caribeña, de dance hall e reggae apretao. Todo mesturado con xéneros modernos como o breakbeat ou o global bass, entre outros.

TERRA
DA

F R A

T E R

N I D

A D E

SANTIAGO DE COMPOSTELA

terrafraternidade.gal